

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 8 DE NOVEMBRO DE 2023

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día oito de novembro de 2023, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

Acórdase a aprobación das actas das sesións da Xunta de Goberno Local ordinarias do 20, 27 de setembro; 4, 11, 18 e 25 de outubro e a extraordinaria e urxente do 13 de outubro de 2023.

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA

1. ACTAS E GOBERNO.- Acórdase a designación de representantes municipais en Órganos Colexiados.

2. ASESORÍA XURÍDICA.- Acórdase a transacción extraxudicial da indemnización pola ocupación pola vía de feito do predio, sito na Caella do Hospital e Carril do Son, por mor das obras de demolición do alpendre apegado ao Convento das Reverendas Madres Agustinas na praza de Santo Domingo.

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA E RECURSOS INTERNOS

3. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das licenzas urbanísticas: para instalación de ascensor en edificio de vivenda para mantemento do uso preexistente no núcleo rural o Carqueixo, número 187 (exp. 2023/Y001/000029) e para a construción de almacén de apeiros agrícolas no

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac9077402818407131635.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 8-11-2023

Couto, 4, Labio (exp. 2023/Y001/000152).

Tamén se acorda denegar a licenza urbanística para a legalización das actuacións executadas na vivenda unifamiliar con licenza urbanística 11/2013 no núcleo rural tradicional de Bosende de Arriba, parroquia de Muxa, San Pedro Fiz, consistentes en pequenas modificacións (exp. 2022/Y001/00019).

Así mesmo, acórdase a toma de razón da sentenza firme do 23 de xuño de 2023, ditada pola Sala do Contencioso-Administrativo, Sección Segunda do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, procedemento ordinario 183/2021, interposto pola Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, con relación á resolución adoptada pola Xunta de Goberno Local, o 13 de xaneiro de 2021, pola que se outorga licenza urbanística no procedemento 30/2018.

Acórdase a concesión da licenza urbanística para legalización de modificación volumétrica de vivenda unifamiliar entre medianeiras, con licenza número 341/19, no núcleo rural nº 59.7, próximos a Lugo, Torre-Comarros, rúa Fisterra, número 76 (exp. 2023/Y001/000120).

4. FACENDA LOCAL.- Acórdase a aprobación da solicitude de bonificación do 90% da taxa pola prestación de servizos urbanísticos e do imposto sobre construcións, instalacións e obras, referente á solicitude de licenza urbanística para ampliar a instalación do ascensor co fin de mellorar a accesibilidade dende o exterior da edificación sita na avda. da Coruña, número 272,

Tamén se acorda a regularización tributaria exp. denegación licenza urbanística para edificio prefabricado para a construción de centro de transformación e almacenamento de enerxía eléctrica en Cancelos, Penarrubia.

Así mesmo acórdase a regularización tributaria exp. denegación licenza urbanística para a construción dun alpendre para usos varios, que permita guardar apeiros e maquinaria, en parcela que se destina a horta e cría de cans en San Mamede dos Anxos.

5. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a cuarta e última prórroga,

dende o 01/10/2023 ata o 30/09/2024 como máximo ou ben ata a entrada en vigor do novo contrato administrativo de seguridade nos centros na contratación do Servizo de Vixilancia no Fogar do Transeúnte (lote 1) (exp. ref. 7-2018) (Tecol 2020/C003/000050).

Tamén se acorda a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado sen publicidade na contratación de patrocinio publicitario co Club Deportivo Lugo, S.A.D. (exp. 2023/C005/000009).

Así mesmo, acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto na contratación da subministración dun vehículo autoescaleira automática destinada ao Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento (SPEIS) do Excmo. Concello de Lugo e a apertura do procedemento de adxudicación (exp. 2023/C004/000032).

Tamén se acorda a adxudicación na contratación da obra de "Acondicionamento e mellora do firme da estrada municipal que partindo da N-232 enlaza o núcleo de Astariz coa N-540 (San Vicente de Veral e San Lázaro da Ponte)". obra incluída no Plan Provincial Único de Cooperación (exp. 2023/C002/000009).

6. FOMENTO.- Acórdase aprobar o Convenio de Colaboración entre o Concello de Lugo e a Fundación la Caixa para a instalación da exposición 'empieza el espectáculo. George Méliès y el cine de 1900', en dúas unidades despregables, situadas na praza Horta do Seminario desta Cidade.

7. PERSOAL.- Acórdase o pase a segunda actividade dun funcionario da policía local.

ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN SOCIAL

8. SERVIZOS SOCIAIS.- Acórdase a adxudicación da subvención nominativa a Alucem, proxecto "Actividades destinadas a persoas afectadas" 2.500

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac9077402818407131635.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 8-11-2023

euros (Orzamento ano 2023).

Tamén se acorda a aprobación da subvención nominativa á asociación xitana Lugo, G27017987, para o proxecto “Mantemento do local social e actividades” 10.000 euros (Orzamento ano 2023).

Acórdase a adxudicación da subvención nominativa á aecc asociación española contra el cáncer, G28197564, para o proxecto “Atención Integral ás Persoas Diagnosticadas de Cancro de Mama”. Importe 2.500 euros (Orzamento ano 2023).

Así mesmo, acórdase a corrección de erros no acordo nº 13/787, da XGL do 25/10/2023, polo que se aproba a adxudicación da subvención nominativa á Fundación Secretariado Gitano, G-83117374. (Orzamento 2023).

Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Transición Ecolóxica e Impulso Rural e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.